Juan Carlos Serrano López (1 para 1)
Alcalde Presidente
Data de Sinatura: 13/08/2020
HASH: caaa2acc52739fe4465ccf66795125f4c

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020" PARA O CONCELLO DE PORTOMARIN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de 2 traballadores, coas categorías seguintes:

- UN/HA (1) PEÓN DE BRIGADA.
- UN/HA (1) XEFE/A DE BRIGADA.

para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarin".

Brigada.- O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o Pladiga. **Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias**. As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
2. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.
3. Realizar as labores de prevención, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes o unas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales o concello teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute, ou superficies de propietario descoñecido. Todo elo cando nn sexa posible a mecanización de ditos traballos.

Realizar os traballos en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as que a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.

2. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos, e unha proba de aptitude que pode ser práctica o por escrito.

Cod. Validación: 9GR7EP49L6FRSJGNGXG77GKCG | Corrección: https://portomarin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 7

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos imprescindibles:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaoito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A tal efecto e con carácter previo á contratación realizarase un recoñecemento médico e unha proba física de esforzó para grarantir as condicións de saúde para o traballo a realizar.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión das seguintes titulacións e requisitos específicos:

- UN peón de brigada: o certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- un xefe de brigada: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B..

4. DURACIÓN

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal.

5. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os interesados poderán presentar as súas solicitudes, nas oficinas municipais no prazo de 5 días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no diario El Progreso, en horario de 09:00 a 14:00 h. As instancias xuntaranse copias compulsadas dos documentos que acrediten os méritos que se aducen, así como do DNI, declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial, declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou

Cod. Validación: 9GR7EP49L6FRSJGNGXG77GKCG | Corrección: https://portomarin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 7

incapacidade, e declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible có desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.

Igualmente, poderán presentarse a través do procedemento previsto no art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Neste suposto, será necesario adiantala por fax ó nº 982545104, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.
As bases publicaranse na web www.concellodeportomarin.es e http://portomarin.sedelectronica.gal.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A selección farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos. Tal e como establece o convenio de colaboración, e tendo en conta a especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse os candidatos que teñan experiencia nas tarefas de extinción:

I. Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría.

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira: 1 punto/mes, máximo 4 puntos; acreditarse mediante certificación da Administración correspondente ou copia compulsada do/s contrato/s e vida laboral.

II. Proba de aptitude:

-Peóns: relacionada coas funcións do peón, extinción de incendios forestais, comportamento do lume, ferramentas, comunicación, zonificación xeográfica dos distritos forestais e xerarquía do distrito forestal, coñecemento do termo municipal, e PLADIGA. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 20 puntos. Poderá ser práctica ou escrita a proposta do Tribunal.

-Xefe de brigada: relacionada coas funcións do xefe de brigada, extinción de incendios forestais, comportamento do lume, ferramentas, comunicacións e a operatividade dos vehículo, zonificación xeográfica dos distritos forestais e xerarquía do distrito forestal, coñecemento do termo municipal, e PLADIGA. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 20 puntos. Poderá ser práctica ou escrita a proposta do Tribunal.

No caso de empate terán preferencia aqueles candidatos que acrediten experiencia profesional en prevención e extinción de incendios no Concello de Portomarin. Se aínda así persiste o empate, terá preferencia o que acadara máis puntuación na proba de aptitude, e por último o sorteo.

7. TRIBUNAL SELECCIONADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionaria/os de carreira ou persoal laboral, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un da/os cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello do Portomarín e na páxina web: www.concellodeportomarin.es

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Cod. Validación: 9GR7EP49L6FRSJGNGXG77GKCG | Corrección: https://portomarin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 7

- Presidente/a: Un/ha funcionaria/o de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretaria/o: a/o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.
- Vogais: Tres funcionaria/os de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal garantírase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

A/os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao réxime de funcionamiento dos órganos colexiados disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretaria/o e co visto e prace da/o Presidenta/e.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón). O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as e citaráos para a realización da proba escrita. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados. Todas as notificacións que se

Cod. Validación: 9GR7EP49L6FRSJGNGXG77GKCG | Corrección: https://portomarin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 7

realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello. O ditaminado polo tribunal someterase á alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello. Os traballadores seleccionados estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Portomarin. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a. Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibiran en anos anteriores.

9. BOLSA DE TRABALLO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2020.

10. CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

11. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Portomarin, na data da sinatura electrónica á marxe
O alcalde

Cod. Validación: 9GR7EP49L6FRSJGNGXG77GKCG | Corrección: https://portomarin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 5 a 7

ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE PEÓN DE BRIGADA DO CONCELLO DO PORTOMARÍN.

D/ª ..... provisto/a de D.N.I. nº ..... con enderezo na R/ ..... nº ..... piso ....., C.Postal ..... Localidade ..... Municipio ..... Provincia ..... Teléfono .....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello do Portomarín para a contratación laboral temporal (coas clausulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de catro postos de traballo, UNHA (1) PRAZA DE PEÓN DE BRIGADA do Concello do Portomarín en cumprimento do convenio interadministrativo subscrito entre a Conselleria do Medio Rural e o Concello do Portomarín, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dunha brigada de 5 compoñentes, por un período de tres meses no exercicio 2020.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello do Portomarín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na súa páxina web: www.concellodeportomarin.es e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicita/o ser admitida/o a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Titulación
- Permiso de condución en vigor tipo B.
- Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron e vida laboral.

……..... , ... de ..... de 202..

O/A solicitante

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARÍN

Cod. Validación: 9GR7EP49L6FRSJGNGXG77GKCG | Corrección: https://portomarin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 6 a 7

ANEXO II - MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN (1) POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE BRIGADA DO CONCELLO DO PORTOMARÍN.

D/ª ..... provisto/a de D.N.I. nº ..... con enderezo na R/ ..... nº ..... piso ....., C.Postal ..... Localidade ..... Municipio ..... Provincia ..... Teléfono .....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello do Portomarín para a contratación laboral temporal (coas clausulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de tres (3) postos de traballo de XEFE/A DE BRIGADA do Concello do Portomarín en cumprimento do convenio interadministrativo subscrito entre a Conselleria do Medio Rural e o Concello do Portomarín, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dunha brigada de 5 compoñentes, por un período de tres meses no exercicio 2020.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
SEGUNDO.- Que non estou afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público.
TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello do Portomarín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na súa páxina web www.concellodeportomarin.es e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
CUARTO.- Solicita/o ser admitida/o a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Titulación
- Permiso de condución en vigor tipo B.
- Copias cotexadas dos contratos de traballo e/ou certificacións de servizos prestados expedidas polos organismos oficiais no que se prestaron e vida laboral.

……..... , ... de ..... de 202..
O/A solicitante

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORTOMARÍN

Cod. Validación: 9GR7EP49L6FRSJGNGXG77GKCG | Corrección: https://portomarin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 7 a 7